

PRoXECTos dE iNNovACión EduCATiva EN diNAMiZACión LiNGüístiCA



Participan:

- 1.CEE MARÍA MARIÑO
- 2.CENTRO DE DÍA DO CONSORCIO GALEGO DE MONDEGO
3. PORTAL DA LINGUA GALEGA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

A Convención Internacional sobre os dereitos das persoas con discapacidade, aprobada o 13 de decembro de 2006 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas (ONU), ratificada por España o 3 de decembro de 2007 e que entrou en vigor o 3 de maio de 2008, establece no seu artigo 9 que é «obrigación dos Estados Partes adoptar as medidas pertinentes para asegurar o acceso das persoas con discapacidade, en igualdade de condicións coas demais [...], á información e ás comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións». Estas medidas aplicaranse para dotar os edificios e outras instalacións abertas ao público de sinalización en formatos de fácil lectura e comprensión. Igualmente, establece a «obrigación de promover outras formas adecuadas de asistencia e apoio ás persoas con discapacidade para asegurar o seu acceso á información».

E «a información e a comunicación deben estar dispoñibles en formatos fáciles de ler e modos e métodos aumentativos e alternativos para as persoas con discapacidade que utilizan eses formatos, modos e métodos». Ademais, no seu artigo 2, relativo a definicións auténticas, o tratado internacional dispón que «para os efectos da presente Convención [...], "a comunicación incluírá a linguaxe sinxela", terminoloxía que equivale á consolidada en lingua española de "lectura fácil"».

O Comité sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade de Nacións Unidas, nas observacións finais sobre os informes periódicos segundo e terceiro combinados de España, do 9 de abril de 2019, relativos ao cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade, chama a atención sobre a necesidade de que «o Estado parte adopte todas as medidas legislativas e orzamentarias necesarias para garantir a accesibilidade en todos os ámbitos e en todo o país, incluídos os espazos privados abertos ao público e os edificios e servizos públicos, como son o transporte, a información e a comunicación». Así mesmo, o Comité recomenda que os espazos abertos ao público contén con sinalización e información en formato de lectura fácil e dispoñan de servizos necesarios para facilitar a accesibilidade dos edificios e dos servizos públicos, en particular para todas as persoas con discapacidades intelectuais. Ademais, formula recomendacións que transcenden ao propio artigo 9 da Convención sobre Accesibilidade. Ámbitos como o acceso aos servizos de xustiza, liberdade de expresión e de opinión, acceso á información á saúde e á participación en asuntos políticos e públicos, entre outros.

Desde esta lei preténdese dar resposta ás recomendacións que, como Estado signatario, implica a Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

España dispón de lexislación relacionada coa accesibilidade universal desde o ano 2003, en virtude da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade (LIONDAU, en diante), que posteriormente queda subsumida e integrada xunto con outras ordenacións legais (Lei 13/1982, do 7 de abril, e Lei 49/2007, do 26 de decembro) no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Con todo, a pesar do tempo transcorrido desde a aprobación da LIONDAU, as persoas con dificultades de comprensión e comunicación aínda se enfrontan a diario a contornas non accesibles dende o punto de vista cognitivo e caracterizadas pola presenza de barreiras técnicas e ambientais, barreiras dunha contorna que se atopan baixo o pleno control da sociedade.

A lexislación que existe non resulta suficientemente explícita, xa que, na práctica, a accesibilidade cognitiva non foi considerada á hora de desenvolver e instaurar actuacións relacionadas coa accesibilidade universal. Resulta patente, pois, o déficit normativo sobre accesibilidade cognitiva que é mester reparar efectuando modificacións legais que outorguen un estatuto lexislativo a esta dimensión irrenunciable da accesibilidade universal. A accesibilidade universal é única, pero presenta variantes como a accesibilidade cognitiva, sobre a que existe un amplo consenso técnico, académico e social en definir como «a característica das contornas, procesos, actividades, bens, produtos, servizos, obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos que permiten a fácil comprensión e a comunicación». Acordo extenso que se proxecta tamén sobre a lectura fácil, que hai que entender como o «método que aplica un conxunto de pautas e recomendacións relativas á redacción de textos, ao deseño e maquetación de documentos, e á validación da comprensibilidade destes, destinado a facer accesible a información ás persoas con dificultades de comprensión lectora». Non se detén aquí a accesibilidade cognitiva, senón que contribúe a ela e permite satisfacer as súas aspiracións un repertorio amplo de sistemas e técnicas como os modos, medios e formatos aumentativos e alternativos de comunicación, entre os

que se atopan os pictogramas e a sinalización de espazos que permiten interpretar e comprender as distintas contornas construídas e os seus usos e interaccións.

Por todo isto, a contorna na que desenvolvemos este proxecto é especialmente sensible ao exposto anteriormente e loitamos para lle dar visibilidade e promover unha sociedade na que todos e todas, sen importar a condición, poidan comunicar e comprender o que ao seu redor suceda.

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

Desde o 16 de novembro de 1999, na Conferencia Xeral da UNESCO foi aprobada a iniciativa de celebrar o Día Internacional da Lingua Materna, e desde esa xanela asomámonos ao mundo.

O dereito que asiste a todo suxeito en idade escolar a recibir educación nos niveis obrigatorios vén reforzado, no ámbito da educación especial, polo **artigo 49 da Constitución española modificado no ano 2024**, e que dispón que «as persoas con discapacidade son titulares dos dereitos e deberes previstos neste Título en condicións de liberdade e igualdade real e efectiva, sen que poida producirse discriminación.

»Os poderes públicos realizarán as políticas necesarias para garantir a plena autonomía persoal e inclusión social das persoas con discapacidade. Estas políticas respectarán a súa liberdade de elección e preferencias, e serán adoptadas coa participación das organizacións representativas de persoas con discapacidade nos termos que establezan as leis. Atenderanse particularmente as necesidades específicas das mulleres e nenas con discapacidade.

»Regularase a especial protección das persoas con discapacidade para o pleno exercicio dos seus dereitos e deberes.

»As persoas con discapacidade gozan da protección prevista nos tratados internacionais ratificados por España que velan polos seus dereitos».

A diversidade, no noso centro, é unha realidade, e, por tanto, unha realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, así como tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

A resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, incluído o proxecto lingüístico, e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.

Así, concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que recollan a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Partindo de que o alumnado ao que vai dirixido o noso labor necesita aprender en contextos o máis naturais posibles, a interacción grupal convértese nun elemento fundamental. Por iso a forma de grupo reducido (tanto máis canto maior sexa a gravidade de afectación do alumno/a) convértese en algo fundamental para a aprendizaxe dos alumnos/as. Por outra banda, o medio natural para o desenvolvemento integral do/a alumno/a establécese a través da interacción social, sendo o grupo o medio máis axeitado e estimulante para realizar esta aprendizaxe; por iso a intervención individual limitarase a casos excepcionais e durará o tempo que estea plenamente xustificada polos obxectivos que se pretenden conseguir na A.C.S. do/a alumno/a.

A maioría do profesorado é castelanfalante. No trato entre iguais, entre compañeiros, un 85 % utiliza o castelán. Todo o conxunto de profesorado desenvólvese con fluidez en galego, adaptando a súa fala se o alumnado fala en galego.

A procedencia do alumnado é moi variada. O alumnado pertence a unha zona determinada da cidade e moitos deles proceden de vilas limítrofes. A diversa procedencia do alumnado nótase tamén na súa lingua de uso. Os/as alumnos/as que proceden da cidade falan, na súa maior parte, en castelán. Os que proceden do medio rural son, maiormente, galegofalantes. Por este motivo se respecta e adaptámonos á lingua que fale cadaquén.

2.2 Xustificación do proxecto

Somos un centro aberto ao entorno e sensible ás necesidades da comunidade educativa, e polo tanto presentamos este proxecto pola necesidade de promover e lle dar valor á lingua mellorando a competencia lingüística no noso alumnado tanto na oralidade coma na escrita dun xeito divertido e motivador. Debido á nosa realidade social na que as novas tecnoloxías e as redes sociais o inundan todo, pensamos que pode axudarnos a motivar e a asentar as aprendizaxes nun contexto interesante para todos e todas.

Coñecendo a nosa lingua e a nosa cultura aprenderemos a valorar e respectar a nosa historia e cultura, ao mesmo tempo que se enriquecerán as nosas relacións, persoais e colectivas, con nós mesmos e con outros pobos.

Para poder realizar este proxecto é preciso atender o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que afirma que as linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Así mesmo, o artigo 5 do Estatuto de Galicia recolle o galego como a lingua propia de Galicia, polo que con todo isto é necesario determinar medidas e actuacións para que todo o alumnado teña dereito a coñecelo e a usalo, construindo unha identidade cultural.

Ademais, ao tratarse dun Centro de Educación Especial, temos que citar o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve.

Cabe salientar que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e dende a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade.

Por todo iso, é preciso realizar continuamente adaptacións nos materiais que selle ofrecen xa que o noso alumnado presenta dificultades de comunicación graves, tanto na expresión como na comprensión. A maioría deles precisan o emprego de sistemas de comunicación aumentativa e alternativa (SAAC), **por iso** todos os materiais ofertados dende o noso equipo presentarase a través de diversos soportes e

linguaxes. Precísanse materiais motivadores, rechamantes, multisensoriais, lúdicos, e todas aquelas características que poidan reunir, para lle ser máis atractivos ao noso alumnado, intentando acadar os obxectivos propostos, principalmente o achegamento e coñecemento da fala e a lingua galega.

O obxectivo educativo de acadar que todo o alumnado consiga o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lle facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lle garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lle ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros nos que se escolariza, xa que os centros de educación especial somos centros de recursos para os demais centros.

3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

Valorizar e promover o uso da lingua galega en contextos pouco habituais, como poden ser as redes sociais, a través das relacións interxeracionais e darlle valor a todo tipo de opcións comunicativas ou SAAC, e non só á lingua oral para o coñecemento da lingua galega en palabras en desuso ou esquecidas.

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Potenciar o uso da lingua galega no día a día da nosa comunidade.
- Favorecer o acceso de todos e todas ao coñecemento eliminando barreiras comunicativas e interxeracionais ou doutro tipo.
- Promover o emprego do galego relacionado con contextos motivadores como son as TIC, as redes sociais e o programa *DígochoEu*.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Eliminar calquera tipo de idea negativa sobre o emprego de SAAC e relacionalos tamén co emprego da lingua galega con normalidade.
- Darlles valor aos referentes culturais que son a nosa historia (as persoas maiores) e promover a cultura interxeracional.

Fomentar o galego oral coa creación de novos ámbitos de uso frecuente, tanto dentro da aula como nas relacións con toda a comunidade educativa, e favorecer a transmisión interxeracional.

- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas do alumnado en galego, especialmente as orais, tanto nos usos coloquiais como en contextos cultos.
- Achegarlles a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega ao alumnado con diversidade funcional e ás súas familias.
- Colaborar con outros centros ou entidades para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación e mediante actividades e produtos, materiais e recursos con formatos atractivos para a xente nova.
- Estender o emprego da lingua a espazos e temas asociados á modernidade (sobre todo a través das ferramentas TIC) e construír unha imaxe positiva do galego.
- Fortalecer os vínculos co galego en desuso e con outras realidades lingüísticas como posibilidade de aproximar a lingua galega.
- Traballar o proxecto entre a comunidade educativa e os seus resultados e repercusión na dinamización da lingua.
- Empregar o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas pola xente nova (TikTok...).

4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

Título e descrición

O patrimonio cultural e da lingua

Investigación e preparación de palabras apoiándonos nas pílulas do formato *DígochoEu* promovido pola CRTVG, coa axuda, tamén, do Centro de Día de Maiores, e desenvolver este proxecto cos recursos da RAG e co taboleiro na entrada dedicado a dar a coñecer as palabras traballadas cada mes, dedicadas sempre a un ámbito concreto do desenvolvemento: cognitivo, físico e socioemocional.

Obxectivos e proposta metodolóxica

- Achegar o patrimonio galego esquecido.
- Adquirir vocabulario galego con axuda dun SAAC.

-Fomentar o interese polo patrimonio cultural galego.

Xestión e temporización

Toda a duración do proxecto (desde setembro a xuño).

Título e descrición

A nosa lingua: coñecemos palabras

Recibimos vídeos feitos polos maiores que coñecemos previamente no curso anterior e cos que establecemos contacto no mes de setembro. Nos devanditos vídeos móstrannos palabras en desuso; o seu significado e curiosidades sobre elas.

Obxectivos e proposta metodolóxica

-Desenvolver habilidades de comprensión, socialización e manexo das TIC entre outras.

Xestión e temporización

Toda a duración do proxecto (desde setembro a xuño)

Título e descrición

Reporteiros Tiktokeiros. Logo da creación da canle en TikTok, gravamos cada capítulo do programa *PaliquéochoEu!*, en clara copia ao programa *DígochoEu*, no que viralizamos as palabras que os maiores nos transmitiron dándolles un formato moderno e motivador.

Obxectivos e proposta metodolóxica

-Manexar aplicacións TIC para uso educativo.

-Coñecer e aplicar normas da Real Academia Galega, así como o seu dicionario e o aplicativo DiGalego.

Xestión e temporización

De setembro a xuño.

Título e descrición

#PaliquéochoEu. Elaboración dun arquivo MP4 onde mostrar todos os capítulos realizados na plataforma TikTok e que estean adaptados para a comprensión de todos e todas. Tamén a creación dunha canle en Instagram para falar do proxecto e de como discorre.

Obxectivos e proposta metodolóxica

Achegar o patrimonio galego esquecido.

Adquirir vocabulario galego con axuda dun SAAC.

Fomentar o interese polo patrimonio cultural galego.

Xestión e temporización

Toda a duración do proxecto (de setembro a xuño)

Título e descrición

Esparexendo o galego. Trataremos de que as nosas accións teñan un impacto significativo e funcional na comunidade.

Para isto, e a través da coordinadora dos equipos de dinamización da lingua da provincia da Coruña, divulgaremos os vídeos en diferentes ámbitos como o Portal da Lingua e nas redes creadas.

Obxectivos e proposta metodolóxica

-Aumentar a visibilidade, o acceso e a inclusión de persoas maiores e/o con diversidade funcional en plataformas de moito uso para a comunidade.

-Facilitar o acceso á cultura e á lingua galegas a través dunha plataforma nova e dinámica que anime á participación.

Xestión e temporización

Fin do proxecto (xuño).

As palabras ou información do galego que cómpre traballar e que serán o motivo central son as seguintes



4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

Promover a procura de información e o uso de Internet e das redes sociais máis empregadas en galego e achegarlle o emprego da lingua ao noso alumnado. Ademais, cremos que a colaboración con persoas de máis idade terá un impacto positivo, xa que para moitos deles son os seus referentes.

Abrirille o noso proxecto á comunidade. Consideramos que esta é unha forma de que o noso alumnado se sinta parte da sociedade, ao ver que as súas accións repercuten na sociedade. Motivándoos cara ao uso da lingua galega, tanto no plano oral como no escrito, e empregando os SAAC da nosa comunidade.

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

Este proxecto xa tivo o seu xermolo o ano pasado co Proxecto Interxeracional DIVERsiXOGO, que realizamos co mesmo grupo de maiores e cos que nos

propuxemos un proxecto a seis anos coas seguintes temáticas, proposta que estamos cumprindo e estamos xa no segundo ano.

1º ano: Xogos tradicionais

2º ano: Imos traballar en rede coas palabras e a orixe do galego

3º ano: Cantigas de romaría e cantigas populares

4º ano: Cantigas de berce

5º ano: Historia galega

6º ano: O galego e a escola

5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía

5.1 Organización xeral

Neste proxecto participará de xeito activo unha alumna dos módulos formativos, pero a través das actividades incluiremos a todo o alumnado do centro e a toda a comunidade educativa galega.

A temporización abranguerá os tres trimestres escolares. No primeiro deseñamos todas as accións relativas á planificación e organización exhaustiva das diferentes actividades que se van desenvolver. Ademais, realizamos a avaliación inicial e iremos preparando o alumnado co traballo. Para isto, empregamos o fío condutor da biblioteca “Vivir na Coruña que bonito é”.

Durante o segundo trimestre comezaremos a realizar as actividades propostas e, ao mesmo tempo, empezaremos a difundir o proxecto a través das redes creadas para o proxecto, a páxina web do cole e a canle de YouTube.

No terceiro trimestre, ademais de rematar todas as actividades, realizaremos a avaliación final e elaboraremos a memoria do proxecto e o produto final.

5.2 Desenvolvemento

O desenvolvemento do proxecto ten varias fases

O proxecto comezará:

No noso centro, pola súa especial casuística, todas as actividades deben ter unhas características especiais. Así, con este proxecto, pretendemos achegarlle a lingua galega ao noso alumnado a través de actividades significativas, que teñan un especial

interese para os alumnos e alumnas, que estean contextualizadas e que entendan a súa finalidade.

É imprescindible que fomenten a súa participación e visibilidade social, necesarias e imprescindibles neste mundo onde se esquece a diferenza.

As TIC son fundamentais no proxecto tanto para dar visibilidade como para capacitar o alumnado nun desenvolvemento funcional.

Todas as actividades respectarán os principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA), de modo que proporemos diferentes opcións de representación, de acción e estratéxicas con actividade multinivel axeitadas ás características de todos os nosos alumnos e alumnas.

Ademais, achegarémonos á aprendizaxe-servizo, xa que trataremos de actuar na comunidade para a mellora do coñecemento sobre accesibilidade comunicativo-lingüísticas e cognitivas de acceso.

6 Xestión e calendario

O patrimonio cultural e da lingua.

Investigación e preparación de palabras, coa colaboración do Centro de Día de Maiores, para traballar neste proxecto coa axuda dos recursos da RAG e do taboleiro da entrada no que se recolle a palabra escollida cada mes, dedicadas sempre a un ámbito concreto do desenvolvemento: cognitivo, físico e socioemocional. Toda a duración do proxecto (desde setembro a xuño).

A nosa lingua: coñecemos palabras

Recibimos vídeos feitos polos maiores que coñecemos previamente no curso anterior e cos que establecemos contacto no mes de setembro. Nos devanditos vídeos móstrannos palabras en desuso; o seu significado e curiosidades sobre elas. Toda a duración do proxecto (desde setembro a xuño).

Reporteiros tiktokeiros. Creación dunha canle en TikTok onde gravamos cada capítulo do programa *PaliquéochoEu!*, en clara copia ao programa *DígochoEu*, nos que viralizamos as palabras que os maiores nos transmitiron dándolles un formato moderno e motivador. De setembro a xuño.

#PaliquéochoEu. Elaboración dun arquivo MP4 onde mostrar todos os capítulos realizados na plataforma TikTok e que estean adaptados para a comprensión de todos

e todas. Tamén procederemos á creación dunha canle en Instagram para falar do proxecto e de como discorre. Fin do proxecto (xuño).

Esparexendo o galego. Trataremos de que as nosas accións teñan un impacto significativo e funcional na comunidade.

Para isto e a través da coordinadora dos equipos de dinamización da lingua galega da provincia da Coruña compartiremos o vídeo a través do Portal da Lingua e nas redes creadas. Fin do proxecto (xuño).

7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

Os recursos humanos implicados son principalmente as docentes que coordinan o proxecto como organizadoras e ponte para a comunidade educativa que o traballa nas aulas.

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

María Belén Pereiro Rozas: programa, promove, realiza, coordina e difunde as actividades do proxecto.

Mariluz Barreiro Garea: apoio e supervisión do proxecto.

7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número)

Todo o alumnado se beneficia do proxecto, pero a realización dos vídeos faise ao nivel de programas formativos para investigar palabras, verificar a idoneidade da proposta dos maiores, realizar o vídeo e darlle difusión.

7.3 Outros membros da comunidade educativa

As familias do alumnado son informadas e participan do proxecto e todos os membros sen excepción se senten parte: ATE, cociñeiros, persoal de limpeza...

8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Necesitamos ferramentas TIC para elaborar a cartelería, SAAC.

9 Orzamento. Xustificación e desagregación

O orzamento global ascendería aos 1000 euros en materiais diversos de copistería, cartelaría profesional e TIC de apoio á comunicación de alta tecnoloxía, e o pagamento de buses para acudir á Real Academia Galega e dar a coñecer a nosa proposta.

10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas

As colaboracións veñen xa determinadas en puntos anteriores co Centro de Día de Mondego, a nosa comunidade educativa e a comunidade educativa galega.

11 Medidas de difusión do proxecto

As medidas de difusión do proxecto serán todas as ferramentas empregadas para lle dar visibilidade e funcionalidade ao proxecto.

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

Establecemento de accións, canles, vías, medios e formatos que favorecen o coñecemento e o valor da diversidade funcional.

1. Continuamos coa colaboración co Centro de Día de Mondego.
2. Creamos un panel de publicacións e información sobre o proxecto.
3. Creación dunha canle de TikTok.
4. Empregamos as ferramentas dixitais de coñecemento.
5. Compartimos materiais do proxecto para traballar nas aulas a través de ABalarbox.
6. Empregamos a ferramenta Falemos para realizar as videoconferencias necesarias.
7. Emprego de SAAC tanto de baixa coma de alta tecnoloxía.
8. Publicamos o produto final na páxina web do Portal da Lingua Galega.

11.2 Alcance (no centro, entre o alumnado e o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos).

En canto ao alcance no centro, falamos da participación de toda a comunidade educativa no emprego dos materiais nas titorías para favorecer o coñecemento da lingua e as competencias comunicativas e plurilingües.

O alumnado encargado de facer o vídeo será o facultado para tal efecto independentemente do nivel.

Traballaremos en colaboración co Centro de Día de Mondego, en concreto cos seus usuarios e usuarias maiores.

Ademais todo o traballo vaise planificar na canle de Instagram e os vídeos faranse na nosa canle de TikTok e YouTube favorecendo a difusión e coñecemento deste.

Publicarase tamén co visto e praxe da coordinadora dos Equipos de Dinamización da Lingua Galega para publicalo no Portal da Lingua Galega poñendo en valor o proxecto e favorecendo a promoción da cultura galega.

12 Plan de avaliación

O proceso de avaliación desenvolverase durante todo o proxecto. A avaliación guiará todo o proceso e diferenciaremos 3 momentos:

A avaliación inicial: para obter información que determine o nivel inicial do noso alumnado e aqueles apoios que se necesitan, en concreto no plano comunicativo; detectar as necesidades do profesorado en canto á formación en diferentes aspectos (TIC, metodoloxía etc.) e as ferramentas coas que contamos para o bo discurrir deste.

A avaliación continua: iremos achegando información sobre a execución do proxecto e o seu desenvolvemento, adaptándoo e modificándoo en función das necesidades, dificultades e/ou oportunidades que nos vaian xurdindo.

A avaliación final: para valorar o grao de consecución dos obxectivos propostos implicando toda a comunidade educativa para tratarmos de garantir a súa obxectividade a partir de criterios e estándares que tratarán de facer a avaliación máis precisa e funcional.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Algúns dos indicadores de avaliación empregados son:

- Os alumnos e as alumnas son capaces de comunicarse en lingua galega de forma oral e/ou escrita segundo as súas capacidades.
- Os centros amosan interese pola canle de TikTok e as redes creadas para tal fin.

- Os alumnos e as alumnas son competentes á hora de empregar as TIC, os dicionarios, a páxina web da RAG, e manéxanse sen problema coas ferramentas para facilitar a comprensión.
- Coñecen e participan de actividades sociais coas persoas maiores e promoven o emprego de palabras en desuso da nosa lingua.
- Recoñecen a cultura e o patrimonio que nos rodea e comprenden a importancia da súa conservación e da súa difusión en canles xuvenís e de uso social.

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Analizaremos o impacto do proxecto no uso do galego entre o alumnado, o profesorado e nas redes sociais, e no coñecemento e repercusión do proxecto en xeral por parte doutros centros.

Traballamos para fomentar o emprego da lingua galega, tanto no plano oral como no escrito, que se normalice de xeito importante o seu uso na nosa comunidade educativa e en xeral o interese por este tipo de actividades.

Trátase dun proxecto que lle dá valor ao noso e pon a disposición de todos unha ferramenta actual e accesible de coñecemento da lingua e que fomenta a diversidade.

MEMORIA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Foron realizadas todas e cada das actividades previstas con grande acollida na comunidade educativa, tanto a nivel centro como nos diversos portais que compartiron os nosos vídeos.

OBXECTIVOS

O obxectivo de procurar que todo o alumnado conseguira o máximo desenvolvemento persoal e social posible requiriu que se lle facilitara unha educación adaptada ás súas singularidades, polo que se lles garantiu unha igualdade efectiva de oportunidades e os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precisou como aos centros.

Obxectivos acadados

Valorar e promover o uso da lingua galega en contextos como as redes sociais a través das relacións interxeracionais, así como outras opcións comunicativas ou SAAC, e non

só a lingua oral, para o coñecemento da lingua galega a través de palabras en desuso ou esquecidas.

Obxectivos a curto prazo que acadamos

- Potenciar o uso da lingua galega no día a día da nosa comunidade.
- Favorecer o acceso de todos e todas ao coñecemento eliminando barreiras comunicativas e entre xeracións ou doutro tipo.
- Promover o emprego do galego relacionado con contextos motivadores como son as TIC, as redes sociais e o programa *DígochoEu*.

Obxectivos a longo prazo que acadamos

- Eliminar calquera tipo de idea negativa sobre o emprego de SAAC e relacionalos tamén co emprego da lingua galega con normalidade.
- Darlles valor aos referentes culturais que son a nosa historia (as persoas maiores) e promover a cultura interxeracional.
- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente, tanto dentro da aula como nas relacións con toda a comunidade educativa, e favorecer a transmisión interxeracional.
- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas do alumnado en galego, especialmente as orais, tanto nos usos coloquiais como en contextos cultos.
- Achegarlles a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega ao alumnado con diversidade funcional e ás súas familias.
- Colaborar con outros centros ou entidades para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación e mediante actividades e produtos, materiais e recursos con formatos atractivos para a xente nova.
- Estender o emprego da lingua a espazos e temas asociados á modernidade (sobre todo a través das ferramentas TIC) e construír unha imaxe positiva do galego.
- Fortalecer os vínculos co galego e con outras realidades lingüísticas como posibilidade de aproximar a lingua galega.
- Traballar o proxecto entre a comunidade educativa e os seus resultados e repercusión na dinamización da lingua.

-Empregar o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas pola xente nova (TikTok...).

AVALIACIÓN FINAL

Tal e como xa dixemos, o proceso de avaliación desenvolverase durante todo o proxecto e diferenciaremos 3 momentos: avaliación inicial, avaliación continua e avaliación final.

Algúns dos indicadores de avaliación que empregamos e que nos indican o bo discurrir do proxecto son:




- Os alumnos e as alumnas son xa capaces de comunicarse en lingua galega de forma oral e/ou escrita segundo as súas capacidades.
- Os centros amosan interese pola canle de TikTok e as redes creadas para tal fin. Por exemplo, o CIFP Ánxel Casal, que quere facer nas súas redes un apartado sobre o mesmo.
- Os alumnos e as alumnas son competentes á hora de empregar as TIC, os dicionarios, a páxina web da RAG, e manéxanse sen problema en ferramentas para facilitar a comprensión.
- Coñecen e participan de actividades sociais coas persoas maiores e promoven palabras en desuso da nosa lingua.
- Recoñecen a cultura e o patrimonio que nos rodea e comprenden a importancia da súa conservación e da súa difusión en canles xuvenís e de uso social.

IMAXES DO PROXECTO









Links e códigos QR de acceso a redes sociais e de difusión

FACEBOOK PALIQUEÓCHO EU!

<https://www.facebook.com/paliqueocho.eu/>

INSTAGRAM PALIQUEÓCHO EU!

<https://www.instagram.com/paliqueochoeu/>



TIK TOK PALIQUEÓCHO EU!

https://www.tiktok.com/@paliqueochoeuati?is_from_webapp=1&sender_device=pc

YOUTUBE PALIQUEÓCHO EU!

<https://www.youtube.com/channel/UCXHghQOd6nJyyJGPDL0NXkQ>

PÁXINA DO CEE MARÍA MARIÑO

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceemariamarinho/node/675>

YOUTUBE CEE MARÍA MARIÑO

<https://www.youtube.com/@ceemariamarino5026/videos>